



D. D. D.
 D. D. D.
 D. D. D.
 D. D. D.

O 25.02.2021 tivo entrada no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia unha solicitude de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, solicitude que quedou rexistrada co número 2021/412264. A información solicitada son as vendas da batea ; nos anos 2018, 2019 e 2020.

O 26.02.2021 esta solicitude recibíuse na Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, data a partir da cal empeza a contar o prazo dun mes para a súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

De acordo cos artigos 19.3 da citada Lei 19/2013 e 27.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro se a información solicitada pode afectar dereitos ou intereses de terceiros, debidamente identificados, concederáselles un prazo de quince días para que poidan realizar as alegacións que consideren oportunas.

Unha vez analizada a solicitude, esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica considerou que incorría parcialmente no suposto establecido no parágrafo precedente, toda vez que as vendas da batea son do solicitante e dunha terceira persoa, razón pola cal mediante notificación efectuada o 05.03.2021 (con rexistro de saída do 05.03.2021) procedeu a conceder trámite de alegacións.

Mediante escrito que tivo entrada nesta Dirección Xeral o 26/03/2021, o interesado presentou alegacións opoñéndose á concesión do acceso. En consecuencia, concédese o acceso ós datos de vendas do solicitante e denégase o acceso ós da terceira persoa.

Polo tanto, os datos de vendas de para a batea , con código de autorización de primeira venda número son os seguintes:

Exercicio	Mes	Establecemento	Especie	Cantidade (Kg)	Importe (€)
2018	11		Mexillón	12.074,00	3.733,28
2018	10		Mexillón	9.715,00	3.799,54
2019	5		Mexillón	14.430,00	4.461,76
2019	5		Mexillón	12.360,00	3.937,90
2019	5		Mexillón	13.163,00	3.947,58
2019	3		Mexillón	15.462,00	4.346,37
2020	8		Mexillón	11.235,00	4.622,08
2020	4		Mexillón	14.196,00	4.842,26
2020	4		Mexillón	11.775,00	3.751,52
2020	4		Mexillón	11.943,00	4.029,57





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Pesca,
Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Rúa Valiño, 63-baixo.
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 072 – Fax 981 544 740

galicia

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o órgano que corresponda da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación desta resolución.

Santiago de Compostela
A Directora Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica
Mercedes Rodríguez Moreda

MERCEDIJES
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 28/03/2021 15:57:17

verificación: <https://sede.xunta.gal/ve>

 **Xacobeo 2021**

